



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Tecnoloxías da información e a comunicación social	Código	652G03009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es	
Profesorado	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>A materia de ?Tecnoloxías da información e a comunicación social? forma parte do plan de estudos do Grao en Educación Social no módulo de ?Educación, Tecnoloxía e Comunicación social? . Impártese no primeiro curso, é unha materia Básica de 6 créditos, o que representa 150 horas de traballo do estudante.</p> <p>Os seus descritores están asociados ao módulo ?Educación, Tecnoloxía e Comunicación social?, no que se integra esta materia. Estes descritores son: fenda dixital, sociedade e educación; cibersociedade e redes educativo/sociais en Internet; comunidades virtuais-redes sociais: proxectos y propostas innovadoras; os medios de comunicación na sociedade da información; análise crítico de produtos mediáticos; audiencias e creación de significados; ferramentas e programas para a elaboración de contidos educativos colaborativos; comunicación, colaboración e cooperación de intercentros educativo/sociais na rede.</p> <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito da educación social, con capacidade para analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade e integralas nos diferentes ámbitos socioeducativos tanto para o seu desenvolvemento profesional así como un elemento favorecedor da inclusión da diversidade que caracteriza a sociedade.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da sociedade da información e da aplicación dos medios na acción socioeducativa para a integración das TIC nos ámbitos de traballo dos educadores sociais.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Comprender e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade, na educación e na educación social en particular, desenvolvendo un compromiso ético co papel liberador das novas tecnoloxías fronte o seu posible papel opresor.	A1 A5 A7 A9 A11 A20	B1 B3 B6	C3 C4 C6 C8
Coñecer o papel dos centros sociais e do educador social ante as tecnoloxías da información e a comunicación e as súas implicacións para o desenvolvemento da acción socioeducativa.	A1 A5 A9 A20	B1 B3 B6	C3 C4 C6 C8



Deseñar, seleccionar, avaliar, crear e construír materiais didácticos coas TIC para o traballo na acción socioeducativa tendo en conta principios educativos como a educación democrática e inclusiva e a preocupación pola xustiza social.	A6	B1	C3
	A7	B3	C4
	A9	B6	C6
	A11		C8
	A20		
Colaborar e cooperar en equipos e grupos de comunidades virtuais para o desenvolvemento de proxectos de traballo e propostas socioeducativas na Educación Social mediante o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación.	A1	B1	C3
	A5	B3	C4
	A6	B6	C6
	A7		C8
	A9		
	A20		

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Sociedade, tecnoloxía e educación: as TIC na sociedade da información.	1.1. Concepto e características das TIC. 1.2. Mitos asociados as TIC. 1.3. A sociedade da información. 1.4. As TIC na globalización económica, política e cultural. 1.5. As desigualdades sociais e a fenda dixital. 1.6. O papel liberador ou opresor das TIC. 1.7. Os retos da acción socioeducativa ante as TIC.
MÓDULO II: A tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica.	2.1. O desenvolvemento da tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica. 2.2. O enfoque da tecnoloxía educativa desde unha perspectiva multidisciplinar e crítica das ciencias sociais. 2.3. A tecnoloxía educativa en España, Europa e no mundo. 2.4. A investigación sobre as TIC no ámbito socioeducativo.
MÓDULO III: Os medios na acción socioeducativa: materiais didácticos, recursos educativos e TIC.	3.1. Socialización e aprendizaxe con medios e tecnoloxías en contextos socioeducativos. 3.2. Recursos educativos e materiais didácticos: medios impresos, medios audiovisuais e medios dixitais. 3.3. O deseño, selección, utilización e avaliación de recursos educativos e materiais didácticos.
MÓDULO IV: A integración das TIC no ámbito socioeducativo.	4.1. As TIC nos procesos de deseño, desenvolvemento e avaliación da acción socioeducativa. 4.2. O educador social ante a integración das TIC. 4.3. A organización e xestión das TIC. 4.4. Boas prácticas para integración das TIC. 4.5. Modelos e niveis de integración das TIC no ámbito socioeducativo.
MÓDULO V: Internet e acción socioeducativa.	5.1. A acción socioeducativa con tecnoloxías dixitais. 5.2. A selección, avaliación e utilización dos distintos recursos, aplicacións e servizos de internet na acción socioeducativa. 5.3. A web 2.0, análise das súas posibilidades socioeducativas e creación de recursos na rede. 5.4. O elearning e os entornos virtuais. 5.5. Os entornos de traballo colaborativo. 5.6. As redes sociais.

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	16	26	42
Discusión dirixida	3	6	9
Traballos tutelados	20	60	80
Proba mixta	1	16	17
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Discusión dirixida	<p>Mediante esta dinámica abordaranse diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade, na educación e na educación social en particular, atendendo aos múltiples factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.</p>
Traballos tutelados	<p>En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor para a atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	<p>A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.</p>	30

